

Informe sobre cesión ao concello dos terreos necesarios para apertura ou regularización de viario preciso en solo de núcleo rural (Axencia Galega de Infraestutura - Expediente XCP-23-011)

ANTECEDENTES

I.- O 09.02.2023 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2023/363292) oficio da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) no que solicita informe en relación coa administración pública á que se ten que efectuar a cesión dos terreos necesarios para a apertura ou regularización de viarios en solo de núcleo rural, tras unha consulta formulada polo Concello de Mugardos.

II.- En concreto, sobre a devandita cuestión, o Concello de Mugardos formulou a AXI a seguinte consulta:

"Por parte do concello estase a tramitar a concesión de licenza urbanística que en atención o sinalado no artigo 20a) da Lei do solo de Galicia, implica a cesión gratuíta ao concello dos terreos destinados a vias fora das aliñacións establecidos polo planeamento.

Non obstante, a titular da vía á que da fronte, AC-122 Cabanas (N-651)- A Gallada (AC-133), é a Xunta de Galicia.

A Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, tan so se refire na súa exposición de motivos e artigo 8, ao solo urbano consolidado.

Polo que para os efectos de dar continuidade á tramitación deste e doutros de similar natureza ante a concorrencia da mesma circunstancia, de conformidade cos principios de colaboración e auxilio entre Administracións Públicas aos que se refire o artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 abril, de Bases de Réxime Local e 142 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, se solicita pronunciamento sobre o protocolo a seguir para as persoas titulares de licenzas podan efectuar as cesións de solo directamente á administración autonómica no caso de solo de núcleo rural (...)"

III.-Pola súa parte, a Axencia Galega de Infraestruturas considera que:

"Segundo o artigo 24.2 da Lei 2/2016, de solo de Galicia, cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso. Polo que, consideramos que a cesión sería ao propio concello e non á Administración autonómica"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as persoas titulares das dirección xerais das entidades públicas vinculadas ou dependentes da Xunta de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal



SEGUNDA.- O Concello de Mugardos conta con Plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente o 19.10.1999, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 03.11.1999 e no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* do 18.12.1999.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG) regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento.

Esta disposición transitoria foi desenvolvida pola disposición transitoria segunda do Regulamento da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (RLSG), aprobado por *Decreto 143/2016, do 22 de setembro*, que establece, en relación co solo de núcleo rural, o seguinte:

"2.- O planeamento non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, conservará a súa vixencia ata a revisión ou adaptación á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, nos termos da disposición transitoria primeira desta última lei, e conforme as seguintes consideracións:

(...)

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo no urbanizable do núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será de aplicación o previsto no artigo 63."

Enténdese que resultan de aplicación, neste caso, as maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso o establecido nos artigos 36 a 40"

O réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural está recollido nos artigos 24 a 26 da LSG, desenvolvido polos artigos 36 a 40 citados do RLSG.

En consecuencia, o réxime xurídico xeral a aplicar ao solo de núcleo rural do Concello de Mugardos é o establecido nos artigos 24 a 26 da LSG e 36 a 40 do RLSG.

TERCEIRA.- O artigo 24 da LSG, relativo ao réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural, prevé no seu apartado 2 o deber de cesión de terreos para o viario nos seguintes termos:

"2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, ampliar o volume de edificacións existentes, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso"

En consecuencia, de acordo co establecido neste precepto, en solo de núcleo rural a cesión dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario ten que efectuarse ao concello, independentemente da administración á que corresponda a titularidade da vía.

CONCLUSIÓN

En solo de núcleo rural, a cesión dos terreos necesarios para a apertura ou regulación do viario debe efectuarse ao concello correspondente, independentemente da administración á que corresponda a titularidade da vía.



O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.”

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e presidenta da Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

